

Dende a FEGADO queremos achegar xustificación das cantidades subvencionadas ós orientadores que representaron a Galicia nos Campionatos de España das diferentes modalidades, formando parte da Selección Galega de Orientación ou ós orientadores de “alto rendimento” que optaban a formar parte da Selección Española.

Tomouse como referencia o establecido no *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2025*, no referente á subvención para os gastos por desprazamento, manutención e aloxamento, onde se especifica que os importes máximos subvencionables por gastos de manutención, aloxamento e desprazamento, serán os previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o grupo II, modificado por varios decretos posteriores (96/2011, do 5 de maio, e 144/2008, do 26 de xuño), establecendo:

- Manutención completa: 37,40 €
- Media manutención: 18,70 €
- Aloxamento: 65,97 €
- Quilometraxe en vehículo particular: 0,26 € / km

Dado os escasos recursos económicos desta Federación, non se pode subvencionar os conceptos de desprazamento, manutención e aloxamento mais de 20€ por proba na que se participa como membro da Selección Galega de Orientación. Achégase táboa de seleccionados por modalidade para o Campionato de España e subvención abonada.

E para a **subvención dos deportistas de alto rendimento** que optaban a formar parte da Selección Española, dado que as probas puntuables para a súa posible selección se celebraban durante un fin de semana, considerouse dous dietas de manutención completa, 74,80€, e un día de aloxamento, 65,97€, e o quilometraxe dende o seu lugar de residencia ata o lugar de celebración da proba, variable. Partimos de 137,93 euros mais os gastos de quilometraxe. Todas as probas se celebraron a mais de 100 quilómetros de Galicia, co que se superaba con creces a cantidade de 176,47€ por asistencia a proba de selección, que resulta de dividir a cantidade presupostada para subvencionar a orientadores de “Alto Rendimento” (4.000,00€) entre as probas totais a subvencionar (29). Achégase táboa de orientadores e probas subvencionadas.

Tesouraría da FEGADO

Visto e prace da Presidenta

*Firmado por 34898059K SONIA GOMEZ (R:
G70381603),
el día 21/11/2025,
como Presidenta de FEGADO,*